

GUÍA PARA O COMENTARIO DUNHA CANTIGA

1. Faise unha lectura atenta da composición.
2. Indícase o tipo de cantiga (amigo / amor) xustificándoo de maneira breve a partir das principais características que a definen e contextualizándoa na época correspondente.
3. Faise unha análise máis pormenorizada do contido da cantiga:

- Se é posible, indícanse as partes en que se divide a cantiga comentando moi brevemente que expresa a voz lírica en cada unha. Se a división en partes non é posible, coméntase de maneira global que é o que quere expresar o suxeito poético.

(Para as cantigas de amigo)

- No caso de apareceren personaxes salientables (nai, irmás...) ou símbolos destacables (auga, cervo...), sinálase explicando cal é a súa función e significado na composición.
- Se hai evidencias, indícase o subxénero de cantiga á que pertence (mariña, alba, de romaría ou bailada).

(Para as cantigas de amor)

- Se hai evidencias, indícase en que estado se atopa o trovador (fenhedor, precador, entendedor ou drutz).
- Faise referencia a aspectos importantes como a louvanza da dama ou a coita de amor, de ser o caso.

4. Analízase a forma:

- Número de *cobras* (estrofas) e de *palavras* (versos) por estrofa.
- Ten refrán ou non? Se o ten, sinálase que se trata dunha cantiga de refrán e, se non o ten, de mestría.
- Tipo de rima (macho – femia / asonante – consonante) e esquema que segue, por exemplo: A / a – B / b – R / r (refrán); B / b – C / c – R / r...
- Indícanse aqueles recursos estilísticos que aparezan: leixaprén, paralelismo, dobre, mordobre, finda ou atá-finda.

5. Elabórase unha pequena conclusión que funcione como recapitulación do máis importante que defina a cantiga en cuestión.

- Cando se comenta unha cantiga, faise referencia ao verso ou versos que exemplifican aquilo que estamos afirmando, incluso podemos reproducilos, pero sempre entre comiñas.

A continuación aparecen comentadas dúas cantigas, unha de amigo e outra de amor, serviranche de exemplo para enfrontarte ao teu propio comentario.

1) Cantiga de amigo

Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,
e, ai Deus, se virá cedo!

Ondas do mar levado,
se vistes meu amado,
e, ai Deus, se virá cedo!

Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro,
e, ai Deus, se virá cedo!

Se vistes meu amado,
o por que teño gran coidado,
e, ai Deus, se virá cedo!

Martín Codax

Comentario:

A composición que a continuación imos comentar é unha cantiga de amigo, o que nolo indica de maneira clara é a aparición desta palabra, “amigo”, ao longo de todo o texto. Como sabemos, a temática é amorosa, a voz lírica é unha muller e o obxecto lírico, un namorado. Este tipo de cantiga é de orixe autóctona e unha das mostras máis importantes da nosa literatura medieval en galego-portugués durante os séculos XIII e XIV.

En canto ao seu contido, está claro o lamento da moza pola ausencia do namorado. Ademais, poderíamos dividir a composición en dúas partes: na primeira (dúas primeiras estrofas), a namorada diríxese ao mar preguntando se viu o seu amante; na segunda (dúas últimas estrofas), incide no moito que o quere (“o por que eu sospiro”, verso 8; o por que teño gran coidado”, verso 11).

Por outra banda, nesta cantiga de amigo aparece o símbolo do mar, este funciona como confidente, oínte das queixas da namorada. Este mesmo dato axúdanos tamén a clasificar a composición como mariña, tendo en conta a ambientación en que se encontra a rapaza.

No tocante á forma, en primeiro lugar temos que dicir que a composición ten catro *cobras* cun total de tres *palavras* cada unha. Ademais, trataríase dunha cantiga de refrán, pois estase repetindo de forma literal o último verso de cada estrofa. Por outra

banda, os versos teñen rima femia e consonante (excepto entre os versos da 3ª estrofa, que hai rima asonante). O esquema que seguen é o seguinte: aar – bbr – aar – bbr.

Así mesmo, na composición aparecen recursos estilísticos salientables: en primeiro lugar temos o leixaprén (2º verso 1ª estrofa – 1º verso 3ª estrofa; 2º verso 2ª estrofa – 1º verso 4ª estrofa); logo tamén atopamos paralelismo, ao estarse repetindo a estrutura sintáctica dos dous primeiros versos das dúas primeiras estrofas, e dos dous primeiros versos das dúas últimas estrofas.

A modo de conclusión, hai que dicir que a cantiga do xograr galego Martín Codax axústase de maneira clara á tipoloxía de amigo, tendo en conta que a voz lírica lamenta a ausencia do namorado e que aparecen recursos propios deste tipo de composicións (leixaprén, paralelismo), propias da lírica medieval galego-portuguesa.

2) Cantiga de amor

Dizen pela terra, senhor, ca vos amei
e de toda-las coitas a vossa maior ei!
E sempr'eu, namorado,
ei a viver coitado!

Dizen pela terra ca vos amei senhor,
e de toda-las coitas a vossa ei maior!
E sempr'eu, namorado,
ei a viver coitado!

E de toda-las coitas a vossa maior ei,
e non durmo a noit'e o dia peor ei!
E sempr'eu, namorado,
ei a viver coitado.

E de toda-las coitas a vossa ei maior
e non durmo a noit'e o dia ei peor!
E sempr'eu, namorado,
ei a viver coitado.

Airas Paez

Comentario:

A composición que a continuación imos comentar é unha cantiga de amor, o que nolo indica de maneira clara é a aparición da palabra “senhor” (versos 1 e 5) ou “coitas” (versos 2, 6...). Como sabemos, a temática é amorosa, a voz lírica é un home que lle expresa o seu amor á dama (*senhor*), obxecto lírico. Este tipo de cantiga nace a partir da influencia da cançõ occitana, proveniente do sur de Francia, e é unha das mostras máis importantes da nosa literatura medieval en galego-portugués durante os séculos XIII e XIV.

En canto ao seu contido, e como é propio deste tipo de cantigas, o trobador manifesta o seu grande amor pola *senhor*; a relación establecida entre os dous lembra á de vasalaxe propia da sociedade feudal, de tal maneira que “amar” convértese en “servir”. Ademais, poderíamos dividir a composición en dúas partes: na primeira (dúas primeiras estrofas), o namorado expresa canto ama á dama e canto sufrimento (“coita”) lle provoca isto; na segunda (dúas últimas estrofas), describe en que consiste este sufrimento, pois non é capaz de durmir nin de noite nin de día (“e non durmo a noit’e o día peor ei!”, verso 10).

Por outra banda, podemos sinalar en que estado se atopa o namorado, concretamente *precador*, pois estalle confesando de maneira clara os seus sentimentos á dama. É importante tamén indicar a presenza da “coita de amor”, ese claro sufrimento por un amor non correspondido que leva o home a non poder durmir.

No tocante á forma, en primeiro lugar temos que dicir que a composición ten catro *cobras* cun total de catro *palavras* cada unha. Ademais, trataríase dunha cantiga de refrán, pois estanse repetindo de forma literal o dous últimos versos de cada estrofa. Por outra banda, os versos teñen rima macho (excepto os do refrán que a teñen femia). Ademais, estableceríase rima asonante entre os dous primeiros versos da primeira estrofa e da terceira, e rima consonante entre os dous primeiros versos da segunda e cuarta estrofas. O esquema que seguen é o seguinte: AArr – BBrr – AArr – BBrr.

Así mesmo, na composición aparece o leixapré (2º verso 1ª estrofa – 1º verso 3ª estrofa; 2º verso 2ª estrofa – 1º verso 4ª estrofa).

A modo de conclusión, hai que dicir que a cantiga de Airas Paez axústase de maneira clara á tipoloxía de amor, principalmente en canto ao seu contido, pois o namorado mostra claramente o sufrimento que lle causan os sentimentos pola *senhor*, esta relación simboliza o amor cortés, ese en que o home se converte nun vasalo da dama.